

## Xabier P. DoCampo

### A proba

Aquela era a proba de valentía imprescindíbel para ser admitido no grupo dos maiores, daqueles que deran o paso persoal de abandonar a infancia sen agardar a que fosen os adultos os que lles outorgasen a categoría aparelhada a tal tránsito. Non sei xa cantas veces me fixeran a pregunta ritual e, como a miña resposta sempre fora negativa, igual número de veces me vira rexeitado.

- Imos bañarnos ao muíño? –diciá un–.

- Podo ir convosco? –preguntaba eu–.

Virábanse todos, e o que tivera a idea de se ir bañar no cubo do muíño adiantábase unha pasada e ceibaba con solemnidade:

- Ti vícheslle os collóns a San Miguel?

- Non –respondía cunha sinceridade que a min mesmo me sorprendía–.

- Pois daquela... –remataba o que fixera a gran pregunta abrindo os brazos e erguendo os ombros, coma indicando a imposibilidade de acceder ao grupo dos grandes mentres non deses cabal conta de ter ollado os atributos masculinos daquel arcanxo San Miguel que, situado no lado da epístola da igrexa parroquial, erguía ao ceo o brazo dereito no que portaba unha espada flamíxera, mentres co esquerdo estendido cara adiante, sinalaba a uns imaxinarios Adán e Eva o camiño da saída do paraíso–.

Esa era a proba que había que pasar para entrar nestoutro edén terreal que é a confianza e a camaradaría dos máis grandes. E era unha proba moi dura porque nela entraba en xogo a mesma alma. Achegarse ao santo e ollarlle por baixo das saias, mesmo só pensar en facelo, luxaría a miña ánima cunha mancha que moito me había dar que lavar no confesionario. Na altura tiña eu xa suficiente experiencia penitencial coma para saber que o crego me acusaría de faltar ao sexto, pero de seguro que había engadir o sacrilexio por se tratar dun ser celestial. Ben sabía que aquilo era algo que non se debía facer, algo do que non é preciso que che lembren a prohibición expresamente, xa se sabe de sempre que un debe absterse de facer tal cousa.

Pero, ao mesmo tempo, non había outro camiño. Pensar en dicir que si, que llos mirara sen telo feito era un grave risco. Podían comezar a facer preguntas de difícil resposta: E como son? Ten os dous iguais? Para que lado carga? Imposíbel, por ese camiño pillaríanme e sería peor. Non había outro remedio que ir á igrexa, erguerlle as vestimentas ao santo e ollar para a entreperna. Iso ou vivir condenado ao parvulario até cumprir os doce ou trece anos, como lle pasaba ao Celso da Mosqueira, que xogaba coas nenas porque aínda non fora quen de pasar a proba. Así que calquera cousa parecía mellor que seguir naquel inferno dos caguiñas que non ousaban erguerlle os capisaiois ao santo.

O mellor momento era antes do rosario, mentres o crego aínda estaba na sancristía e as beatas subían abaneando o corpo a un lado e a outro pola costa arriba.

Entrei amodiño, andando nas puntas dos pés. Aínda que na igrexa non había ninguén, sentía ao crego cazolear por tras do altar, na sancristía, o que me facía tremer coma unha vara verde. Confiaba en que a bronquite crónica advertise da proximidade do cura se decidía achegarse á porta.

Cando estiven ao pé do santo, decateime de que me había faltar un bocadiño de talla para poder ollar ben, así que pillei un reclinatorio e achegueino. Coa boca seca coma una corda de esparto e as mans molladas coma unha fonte, botei man á veste con dous dedos trementes coma varas verdes. A suor metíaseme nos ollos e picábanme. Erguín con coidado a saia branca do anxo tronante e metín a cabeza dentro. Fíxeno cos ollos pechados. Despois, mortíño de medo, ollei para enriba, para os atributos testiculares e... nin había nada nin nada podía haber. O San Miguel por dentro non era máis que un pau que remataba na cabeza, outros dous paus facían de brazos e só tiña un pé, aquel máis adiantado que sobresaía por baixo da saia e que formaba parte da peaña e non do inexistente corpo do santo.

Ceibei a saia e botei a correr pola igrexa adiante sen me importar xa o ruído que puidese facer.  
Xa era un home feito e dereito.

- Imos á Lama pillar ras?
- Imos –dixen–.
- Non cho preguntei a ti. Ti non vés que non lle viches os collóns a San Miguel.
- Si que llos vin.
- E cando?
- Onte pola tarde. Queres que che diga como son?
- Non, non fai falla. Veña imos.